



**Resolución do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría.**

En sesión que tivo lugar o 2 de xuño de 2021, o tribunal nomeado pola resolución do 23 de abril de 2021 para valorar o proceso selectivo para a cobertura na Axencia Galega de Innovación de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, adoptou o seguinte acordo:

Outorgar ao candidato presentado ao proceso de selección, Javier Montenegro García (\*\*\*6851\*\*), a puntuación seguinte:

- Artigo 12.1. letra a), publicacións de carácter científico: 27 puntos.
- Artigo 12.1. letra b), participación en proxectos e contratos de I+D+i: 25 puntos.
- Artigo 12.1. letra c), comunicacións e/ou relatorios en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais: 10 puntos.
- Artigo 12.1. letra d), outros méritos relacionados co dominio ERC Ciencias Físicas e Enxeñaría: 8 puntos.

**Total: 70 puntos.**

De acordo co mencionado no artigo 12.1, o candidato disporá de tres días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

